



Concello de A Mezquita

BANDO

“PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS”

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude según a Orde do 14 de setembro de 2023 establece as bases reguladoras para a concesión de estadias en prazas en establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do Programa Benestar en Balnearios e se procede a súa convocatoria (Código de procedemento BS607A)

O programa consiste:

En quendas que teñen unha duración de 10 días, con nove noites
O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido entre o 22 de outubro e o 31 de decembro do ano 2023

BENEFICIARIOS:

1. Ter cumpridos, 60 anos ou maior de 55 e reunir a condición de pensionista da Seguridade Social.
2. Estar empadroadado nalgún Concello da Comunidade Autónoma
3. Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- 4.- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- 5.-Acadar de conformidade co baremo establecido a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

A persoa solicitante poderá ir acompañada polo seu conxuxe ou parella de feito, ou persoa que teña unha relación análoga a relación conxugal, ou por un fillo/a que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre e cando este poida acudir sen axuda de terceira persoa, e comparta habitación cos proxenitores.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION

As solicitudes presentaranse telemáticamente a través do enderezo <https://sede.xunta.gal>. Opcionalmente poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento. O prazo para presentar as solicitudes será dende o día 19 de setembro ata o día 18 de outubro.

Para calquera dúbida poden acudir a oficina de Servizos Sociais do Concello en horario de 9:00 a 14:30 horas.

En A Mezquita.

O ALCALDE,

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

Documento asinado dixitalmente na marxe

